

RESOLUCIÓN REITORAL DO 15 DE ABRIL DE 2011 POLO QUE SE ESTABLECE O PROCEDIMENTO PARA O RECOÑECEMENTO DE COMPETENCIAS NAS TITULACIÓNS DE GRAO E MASTER

A reforma que supuxo a nova estruturación do ensino universitario e dos títulos universitarios oficiais concibida pola Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril, pola que se modifica a Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, foi concretada e levada a práctica por medio do Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos oficiais universitarios.

A aplicación do procedemento de verificación dos títulos universitarios oficiais puxo de manifesto a necesidade de introducir no mesmo determinadas modificacións, establecidas polo Real Decreto 861/2010 de 2 de xullo.

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) mediante resolución reitoral de 27 de outubro de 2008, aprobou a normativa reguladora do procedemento para o recoñecemento de competencias nas titulacións de grao e máster, consonte á normativa do RD 1393/2007, de 29 de outubro e no marco do Acordo de Consello de Goberno de 14 de marzo de 2008 (Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos para titulacións adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior).

Mediante resolución reitoral de 10 de xaneiro a USC adapta a anterior normativa ao Real Decreto 861/2010, de 2 de xullo, (concretamente o seu artigo 13º) e establece para a USC, por vez primeira, a regulación do recoñecemento da formación básica, despois dun amplo debate e discusión no seo dos órganos da USC para determinar a aplicación da modificación do Real Decreto 1393/2007.

Nesta resolución se contemplaba un réxime específico para as titulacións que habilitan para o exercicio dunha profesión regulada e que estiveran afectadas pola mesma orde ministerial que establece os requisitos de verificación. Este réxime específico determinaba o recoñecemento automático de todos os créditos de formación básica. Sen embargo na aplicación práctica se apreciou que non todos os planes de estudos das distintas universidades tiñan as mesmas materias en formación básica e que de producirse este recoñecemento os alumnos quedaban sen formar en competencias que a regulación dos seus estudos lles esixía.

Por outra banda unha parte das competencias básicas dos estudos que habilitan para o exercicio dunha profesión regulada afectadas pola mesma orde ministerial poden ser de diferente rama do coñecemento que a dos estudos de destino, polo que debe aplicarse nestes casos o establecido no Real Decreto 1393/2007 modificado polo Real Decreto 861/2010.

En consecuencia procede modificar a Resolución Reitoral do 10 de xaneiro de 2011 que modifica a de 28 de outubro de 2008 no senso de suprimir a automaticidade de recoñecemento dos 60 ECTS de formación básica en estudos que habilitan para o exercicio dunha profesión regulada, debéndose aplicar os criterios establecidos no resto do articulado da resolución. Ademais, procede adaptar a regulación do

procedemento establecido no ano 2008 e eliminar as referencias a estrutura de estudos que xa non existen.

A vista do todo o anterior, este Reitorado Resolve establecer o procedemento para o recoñecemento de competencias nas titulacións de grao e máster.

ARTIGO 1.- ACREDITACIÓN DE COMPETENCIAS.

Poderán ser obxecto de recoñecemento con efectos no plan de estudos que se está cursando, as seguintes competencias:

- a) Competencias adquiridas polo alumno a través de estudos universitarios ou non universitarios regrados, acreditados documentalmente. No caso de estudos non universitarios procederá cando estea previsto legal ou regulamentariamente.
- b) Competencias adquiridas a través da actividade profesional que sexa acreditada documentalmente, con informe favorable da comisión correspondente.

O número de créditos que poderá ser recoñecido a partir da experiencia profesional ou laboral e de estudos universitarios non oficiais, non superará o 15 por cento do total dos créditos que constitúan o plan de estudos, coas excepcións que se establecen no Real decreto 1393/2007, modificado polo Real decreto 861/2010, para o recoñecemento de créditos de títulos propios.

Este recoñecemento non incorporará cualificación polo que non computará a efectos de baremación do expediente.

- c) Non poderán ser obxecto de recoñecemento os créditos correspondentes a traballos de fin de grao e máster.

ARTIGO 2.- CONCEPTO DE RECOÑECIMIENTO

Para os estudos do R.D. 1393/2007, o recoñecemento é o acto polo que se lle da validez aos estudos universitarios oficiais cursados nesta ou noutra universidade a efectos da obtención dun título oficial.

A unidade de recoñecemento será ordinariamente a materia ou o módulo completo, sen prexuízo de que se poida eximir ao alumno de cursar parte dos créditos dunha materia cando así o determine a comisión correspondente e conforme ao establecido nesta Resolución.

ARTIGO 3.- SOLICITUDE DE RECOÑECIMIENTO

A solicitude de recoñecemento realizarase a instancia de parte nas Unidades de Xestión Académica nos prazos establecidos na convocatoria de matrícula e deberá acompañarse dos documentos que acrediten, de xeito fidedigno, os estudos ou actividades dos que se pretende o recoñecemento.

No caso da experiencia laboral ou profesional, deberá acreditarse documentalmente: o traballo realizado:

- No caso de contrato de traballo ou por ter a condición de funcionario, a categoría laboral ou profesional e a duración.
- No caso de realizar unha actividade profesional por conta propia, inscrición ante a Administración da actividade, alta e, no seu caso, baixa da actividade.

Ademais, debe presentarse un curriculum e unha memoria do traballo desenvolvido na que se acredite que as competencias adquiridas coinciden coas materias ou actividades do Grao/Máster das que se solicita o recoñecemento.

As Unidades de Xestión Académica serán as encargadas de tramitar as solicitudes e asegurarse de que a documentación é, en principio, suficiente e reúne os requisitos formais necesarios. De non ser así reclamará ao interesado a mellora da solicitude dándolle un prazo de dez días hábiles para emendar os defectos ou presentar nova documentación. Este prazo poderá ser obxecto de ampliación a petición do interesado antes da finalización do prazo concedido.

No caso de que o interesado non cumprimente o requirimento, ditarase resolución de arquivo da solicitude.

ARTIGO 4.- INSTRUCCIÓN

4.1.- Titulacións de Grao

1. Para determinar o recoñecemento de créditos teranse en conta os estudos cursados, a natureza dos mesmos e a súa correspondencia cos obxectivos e competencias que establece o plano de estudos para cada módulo ou materia, segundo o establecido na Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos para titulacións adaptadas ao EEES aprobada no Consello de Goberno do 14 de marzo de 2008.

2. A solicitude de recoñecemento deberá dirixirse á Unidade de Xestión Académica correspondente, que, no seu caso, a remitirá para informe ao Centro. En cada centro, a Comisión de Validacións ou a que teña competencias na materia emitirá informe académico sobre o recoñecemento conforme aos criterios contemplados nesta norma. Os informes académicos deberán ser necesariamente motivados.

3. Con relación á formación básica, os criterios de recoñecemento serán os seguintes:

- a) Cando a titulación de destino pertenza á mesma rama que a de orixe, á vista do expediente de cada alumno o centro determinará o recoñecemento, entre os 36 créditos obrigatorios e os 60 créditos ECTS posibles, sinalando en cada caso as materias que o alumno debe cursar. Entre as materias recoñecidas deben figurar todas as que sexan da mesma rama de coñecemento do título ao que se pretende acceder. De tratarse de materias de distinta rama, só se

recoñecerían se coinciden os contidos e a carga lectiva con materias do plan de estudos. No caso de materias de formación básica que xa fosen obxecto de recoñecemento noutro centro e/ou universidade, o recoñecemento poderá facerse sobre ás materias xa recoñecidas ou ben sobre as materias de formación básica cursadas realmente polo alumnado (antes do recoñecemento).

- b) Cando a titulación de destino non pertenza á mesma rama que a de orixe, o centro determinará o recoñecemento, tendo en conta a adecuación entre as competencias e os coñecementos adquiridos con materias do plan de estudos.
- c) Recoñecemento de créditos das titulacións universitarias que habilitan para o exercicio de profesións reguladas:
- Os créditos de formación básica obtidos en titulacións que non establecen requisitos de verificación, con independencia da rama de coñecemento á que pertenza a titulación serán recoñecidos, segundo determine o órgano competente do centro ou titulación, noutra titulación suxeita a requisitos de verificación de profesión regulada atendendo á súa adecuación ás competencias que para a formación básica determine a orde da titulación. No caso de títulos que habiliten para o exercicio de distintas profesións con requisitos de verificación actuarase do mesmo xeito.
 - Cando se recoñezan menos créditos de formación básica por materias cursadas noutra titulación da mesma ou distinta universidade, o órgano competente do centro, determinará a formación complementaria que deberá cursar o alumno para completar a formación básica, e, de ser o caso, para obter todas as competencias requiridas na normativa que regula o exercicio da profesión.
 - No caso de que os créditos das materias que o alumno deba cursar para estes efectos supere, xunto cos recoñecidos, os establecidos como formación básica no plan de estudos desta universidade, poderán computarse como créditos optativos. Este cómputo sempre deberá facerse por materias completas e reflectirse no expediente do alumno mediante unha mención.
- d) Cando a titulación de destino non estea afectada por Orden Ministerial con requisitos de verificación para a profesión regulada, e a de orixe si, seguirase o procedemento previsto nas letras a) e b) anteriores.

Excepcionalmente, se unha materia de formación básica ten os mesmos contidos e competencias dunha materia obrigatoria, poderá recoñecerse esta, pero o alumno terá que completar a formación básica no mesmo número de créditos que a materia recoñecida.

En caso dos créditos de materias de formación básica dunha mesma titulación impartida en distintos centros, ou a existencia de táboas de recoñecemento, a Unidade de Xestión Académica poderá resolver directamente a petición sempre que existan precedentes de recoñecemento e se trate de materias con idéntica denominación.

No procedemento de recoñecemento da formación básica no expediente do alumno faranse constar as materias cursadas na titulación de orixe, coa súa denominación, créditos correspondentes e cualificación, de forma que a Comisión do centro con competencias na materia só informe, de ser o caso, das materias de formación básica que terá que cursar o solicitante para completar os créditos de formación básica da titulación. A este respecto os centros poderán recomendar a matrícula noutras materias incluídas as de formación básica que completen as carencias formativas producidas polo recoñecemento desta formación ao aplicar a normativa vixente. As materias recomendadas non se computarán nos créditos necesarios para a obtención da titulación nin na nota media, pero figurarán no expediente do alumno de xeito diferenciado.

4. Para o resto dos créditos, poderán recoñecerse tendo en conta a adecuación entre as competencias e os coñecementos adquiridos, ben noutras materias ou ensinanzas cursadas polo estudante, ben asociados a unha previa experiencia profesional, e os previstos no plano de estudos ou que teñan carácter transversal. Para iso, os centros, tendo en conta as competencias acreditadas por todos os alumnos ou polo afectado/a e a vista da información ou informes que considere oportuno, poderá adoptar algunha ou algunhas das seguintes propostas de resolución:

- Recoñecemento completo de materias ou módulos, indicando a cualificación correspondente.
- Denegación de recoñecemento de materias ou módulos.
- Proposta de exención de realización de parte dos créditos dunha ou varias materias ou módulos.

Nos dous primeiros casos remitirase a proposta á Unidade de Xestión Académica para que dite a correspondente Resolución e anote o resultado no expediente do alumno, debendo liquidar os prezos que se corresponden. No caso de materias ou módulos denegados o alumno pode solicitar que se transfiran ao expediente.

No caso de exención de realización de parte dos créditos, a Comisión con competencias en validacións de estudos, emitirá un Acordo indicando os estudos, traballos ou actividades que debe realizar o alumno para superar as materias na súa totalidade así como a súa equivalencia en créditos. O alumno neste caso deberá matricularse da/s materia/s e módulos, afectada pola resolución de recoñecemento parcial, na súa totalidade.

Este Acordo da Comisión deberá notificarse ao coordinador da materia e será vinculante para o profesorado encargado da docencia da/s materia/s. Este profesorado deberá avaliar ao alumnado daqueles contidos e competencias que se

indiquen no acordo como non superados e deberán ter en conta os créditos superados a efectos de establecer a cualificación final na acta da materia ou do módulo. A cualificación final da materia será a media ponderada entre a cualificación dos créditos que se recoñeceron pola Comisión e a dos créditos superados e deberán ser incorporados á acta polo profesorado que avalíe ao alumno.

4.2.- Titulacións de máster

Serán competencias recoñecibles por materias ou módulos do programa ou por complementos formativos, os estudos universitarios ou non universitarios previos, así como os perfiles académicos ou profesionais coincidentes coas competencias e coñecementos que se impartan no máster sempre que así se determine mediante a correspondente resolución reitoral, previa proposta dos órganos académicos destes estudos.

As solicitudes que reúnan os requisitos mínimos necesarios serán remitidas ao centro o que estea adscrito para que a través da Comisión Académica do máster sexa emitido informe técnico sobre as pretensións do interesado. Este informe terá carácter preceptivo pero como outros informes que se poidan solicitar, non será vinculante para a Reitoría.

O Coordinador do máster poderá recadar mediante petición razoada e a través das Unidades de Xestión Académica, documentación complementaria do interesado. Do mesmo xeito, a Comisión Académica poderá solicitar o asesoramento dos especialistas que considere necesario ou pedir informes a outras administracións.

Os informes académicos deberán ser motivados con indicación da cualificación a outorgar.

Nos casos de estudos de máster compartidos, os informes conterán referencia expresa sobre o acordo alcanzado coas outras Universidades para o caso concreto.

A Comisión Académica encargada de emitir os informes establecerá os mecanismos de coordinación necesarios co resto de Universidades para os casos dos máster compartidos.

Os informes poderán servir de precedentes para os posteriores do mesmo órgano sempre que se refiran a casos idénticos, e así o acorde a Comisión. Nestes casos o órgano encargado da tramitación elevará a proposta de resolución sen necesidade de informe técnico específico.

O Coordinador do máster encargarse de facer chegar os informes así como calquera outra comunicación necesaria entre a Comisión e o resto de unidades e órganos universitarios.

ARTIGO 5.- EFECTOS

Á vista da documentación e dos informes, dítase a correspondente resolución que determinará os prezos a aboar para surtir efectos.

Os alumnos poderán modificar a súa matrícula no prazo de dez días dende a recepción da resolución. No caso dos másters, as modificacións deberán contar co visto e prace do coordinador.

Os módulos e materias recoñecidos polo procedemento de recoñecemento de competencias consideráranse superados a todos os efectos e figurarán no expediente dos alumnos da forma que se indica nesta norma.

O prazo máximo para ditar resolución será de tres meses. De non recibir contestación nese prazo, salvo causas ou prórroga legal, as peticións entenderanse denegadas.

ARTIGO 6.- EXPEDIENTES

Con carácter xeral, o recoñecemento figurará nos expedientes do alumnado coa cualificación que corresponda seguida da mención “recoñecida” ou a mención que corresponda, agás que non sexa posible.

En todo caso, a resolución reitoral que resolva a petición poderá determinar a forma na que a acreditación deberá figurar no expediente dos alumnos.

Os complementos formativos recoñecidos figurarán nos expedientes dos alumnos como “*Complementos Formativos para alumnos procedentes de ..., recoñecidos por Resolución Reitoral de.. de.. de*”

ARTIGO 7.- TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS

7.1. A transferencia de créditos suporá a inclusión, a instancia de parte, no expediente do alumnado relativo ao ensino en curso, da totalidade dos créditos obtidos en ensinanzas oficiais cursadas con anterioridade na mesma ou noutra universidade e sempre que non conduciran á obtención dun título oficial.

7.2. Serán obxecto de transferencia de créditos os seguintes estudos cursados na USC

- Estudos conducentes á mesma titulación ou equivalente noutro plan de estudos que non foran recoñecidos.
- Estudos previos conducentes a outra titulación que non foran recoñecidos sempre que non deran lugar á obtención doutro título.

Tamén serán obxecto de transferencia de créditos os estudos cursados noutra ou noutras universidades:

- Estudos conducentes ao mesmo título ou equivalente que non foran recoñecidos.
- Estudos conducentes a outro título que non foran recoñecidos e que non deran lugar á obtención doutro título

Os estudos cursados noutra universidade transferiranse unha vez que sexa recibida a correspondente Certificación Académica Oficial (CAO).

7.3. A transferencia de créditos suporá reflectir no expediente do alumno e no Suplemento Europeo ao Título outros estudos que non teñan efectos académicos na titulación que se estea a cursar. En ningún caso o feito de realizar a transferencia de créditos suporá o seu recoñecemento ou cómputo no plan de estudos que se estea a cursar.

7.4.- A transferencia devengará, no seu caso, os prezos públicos que estableza o Decreto de prezos públicos da Comunidade Autónoma Galega.

7.5.- As materias transferidas figurarán separadas das propias da titulación nun apartado referido a *outros estudos universitarios* e figurará a mención "*materia transferida*".

ARTIGO 8.- PREZOS PÚBLICOS

8.1.- Estudos de grado

Estarán exentos de pagamento o recoñecemento de estudos previos cursados en universidades ou centros públicos españois conducentes a obtención dun título equivalente. No resto dos supostos aboarán o 25% ou o que se determine no Decreto de prezos públicos. Tamén procederá o pagamento dos recoñecementos no caso dos titulados por regulacións anteriores para a obtención do Grao.

8.2.- Estudos de posgrao:

Aboarán en todos os casos o 25% dos prezos establecidos ou a porcentaxe que se determine no Decreto de prezos públicos correspondente.

8.3.- A transferencia devengará, no seu caso, os prezos públicos que estableza o Decreto de prezos públicos da Comunidade Autónoma Galega.

ARTIGO 9.- APLICACIÓN SUBSIDIARIA

Será de aplicación subsidiaria o Protocolo para a regulación das validacións e adaptacións aprobado polo Consello de Goberno de 26 de abril de 2006.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

O disposto nesta Resolución será de aplicación a partir da data de rexistro de saída, así como sobre ás solicitudes en trámite, sobre as que non recaera resolución.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas as seguintes resolucións reitorais :

- a) Resolución Reitoral do 26 de outubro de 2006 aplicación de adaptación e validación de estudos as peculiaridades do recoñecemento de competencias nos máster oficiais

- b) Resolución Reitoral do 27 de outubro de 2008 polo que se establece o procedemento para o recoñecemento de competencias nas titulacións de grao e máster.
- c) Resolución Reitoral do 10 de xaneiro de 2011, de modificación da Resolución Reitoral do 27 de outubro de 2008 polo que se establece o procedemento para o recoñecemento de competencias nas titulacións de grao e máster.

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2011

O REITOR,



Juan José Casares Long

DECANOS E DIRECTORES DE CENTROS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA/VICERREITORIA DE ESTUDOS DE GRAO E POSGRAO/SECRETARIA XERAL/SERVIZO DE XESTIÓN DE OFERTA E PROGRAMACIÓN ACADÉMICA/OFCINA DE INFORMACIÓN/UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA/OFCINA DE ANÁLISE DE RECLAMACIÓNS.